



OUTRA OPORTUNIDADE PARA A CANTEIRA

Ante as baixas por sanción de Bule e Jauma, Carlos Rodríguez só pode contar con 14 xogadores para o partido deste domingo, a disputar en Prados Vellos a partir das 16.15 h.. Mañá sábado, completará a convocatoria con xuvenís.

Ares, 18 de febreiro de 2011

Tres puntos necesarios para continuar no grupo de cabeza e poder seguir con posibilidades de disputar os primeiros postos da clasificación; outro partido para demostrar o compromiso e saír ao campo con fe na vitoria. Nesta liga tan igualada, todos os equipos ofrecen resistencia e complican o logro dun bo resultado, e o A Capela non será diferente. Por iso, confiemos na entrega dos xogadores que están convocados para este domingo:

Porteiros: Iván e Carlos.

Defensas: Martín, Costa, Vicente, Zeta.

Medios: Jose, Jorge, Álex García, Pedro Machado, Rubén.

Dianteiros: Javi, Carlitos e Manu.